



Fundación Barrié

#ENREDA NA REDE



XORNADA

📅 3 DE MAIO

📍 FUNDACIÓN BARRIÉ
SEDE A CORUÑA, CANTÓN GRANDE 9

Prazas limitadas ata completar capacidade.

A inscrición farase efectiva por orde de chegada das solicitudes.

Folla de inscrición dispoñible en www.arela.org e www.fbarrie.org

ACTIVIDADE GRATUÍTA



PROGRAMA EDUCATIVO DE PREVENCIÓN
DE CONDUTAS INFRACTORAS

KTORCE 18

É unha iniciativa da Fundación Barrié e da Asociación Arela, que ten como fin achegar a Lei do Menor á comunidade educativa (pais e nais, alumnado e profesorado) e que chegou a máis de 28.000 participantes desde a súa posta en marcha no ano 2012.

Baixo o lema **“enreda na rede”**, desenvolveráse o longo do 2018 un conxunto de actividades, entre as que se atopa esta xornada, orientadas á toma de conciencia sobre o uso das novas tecnoloxías por parte dos adolescentes (as súas vantaxes, os seus inconvenientes e os riscos por un uso inadecuado ou excesivo: sexting, grooming, ciberacoso escolar, gambling...) así como a identificar, por parte da comunidade educativa e profesional, condutas inapropiadas, aprendendo estratexias para modificalas a través de prácticas como a alfabetización dixital e a creatividade na utilización das TIC por parte do mundo adolescente e a súa aplicación no contexto educativo da aula.

DESTINATARIOS

- Profesionais da comunidade educativa: docentes e membros do departamento de orientación.
- Profesionais da intervención social que traballen con adolescentes e familias.
- Estudantes universitarios.

OBXECTIVOS

- Crear un espazo de prevención e información sobre os múltiples aspectos das novas tecnoloxías.
- Facilitar estratexias para o bo uso das novas tecnoloxías por parte do público adolescente.
- Avaliar situacións conflitivas polo uso do móbil e das redes sociais.
- Desenvolver habilidades sociais para o establecemento de relacións auténticas.
- Fomentar as relacións interpersoais de forma real.
- Coñecer novas dinámicas e novos usos relacionados co manexo das TIC como ferramenta pedagóxica de creatividade e expresión.
- Dar a coñecer os materiais didácticos elaborados pola Asociación Arela sobre redes sociais.

PROGRAMA

15:45 - 16:00 h RECEPCIÓN DE ASISTENTES

16:00 - 16:15 h **INAUGURACIÓN E PRESENTACIÓN DA XORNADA**

- Representante da Fundación Barrié
- Representante da Asociación ARELA
- Representante da Xunta de Galicia

16:15 - 17:45 h **NOVAS TECNOLOXÍAS: FORMACIÓN DESCONNECT@.**
Marc Masip Montaner, Director e Psicólogo do Instituto Psicológico Disconnect@.

17:45 - 18:15 h DESCANSO

18:15 - 19:30 h **MESA DE EXPERIENCIAS, coa participación de:**
Javier García Barreiro: Orientador IES Johan Carballeira de Bueu. Ex presidente da asociación CONVIVES e formador do profesorado en temas de convivencia escolar.

Laura Granados Parra: Técnica da Área socioeducativa e e-inclusión da Fundación Esplai: Proxecto CONECTA JOVEN . Socióloga e monitora de ocio e tempo libre, cun posgrao en Intervención Social e Educativa.

Antonio Rial Boubeta: Doutor en psicoloxía social e profesor titular da Área de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento da USC. Experto no uso das novas tecnoloxías por parte dos e das menores.

Sergio Clavero Ibáñez de Garayo: Membro de ATURUXO FILMS, e profesor asociado da Facultade de Ciencias da Educación da USC. Mestre de plástica no IES Cacheiras de Teo.

